



Concello de Sarria

DECRETO DO SR. ALCALDE, D. CLAUDIO MELQUIADES GARRIDO MARTINEZ.

Vista a necesidade de contratación de persoal para a limpeza e adecuación dos cauces dos ríos Oribio e Celeiro o seu paso por Sarria así como un tractorista para o desbroce das pistas rurais.

Tendo en conta que mediante informe da intervención do Concello de Sarria, acredítase a existencia de crédito suficiente e adecuado para a contratación de seis peóns e un tractorista por un período de tres meses.

Por todo o anterior e tendo en conta o establecido no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e demais disposicións concordantes, esta Alcaldía adopta a seguinte **RESOLUCIÓN**:

Primeira: Convocar un procedemento público para proceder á selección de seis peóns e un tractorista.

Para isto publicarase anuncio desta convocatoria, no Boletín Oficial da Provincia así como na páxina WEB do Concello, tendo os aspirantes un prazo de 5 días hábiles, a contar dende o día seguinte a publicación no BOP.

Segundo: Aproba-las seguintes bases para a realización do correspondente proceso selectivo:

BASES DE SELECCIÓN E CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TRAVÉS DA MODALIDADE CONTRACTUAL "EVENTUAL POR CIRCUNSTANCIAS DE PRODUCCIÓN" DE SEIS OPERARIOS PARA MEDIO AMBIENTE E DUN OPERARIO PARA TRACTORISTA DE ROZAS.

Base primeira.- Obxecto

As Bases teñen por obxecto a regulación do proceso de selección, mediante sistema de oposición e tramitación urxente de persoal para atender o incremento de necesidades da Concellaría de Medio Ambiente no período estival e anticipar traballos de prevención, en réxime de contratación temporal do seguinte persoal laboral:

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 53WHKQTXGF6PX9K6E4C9LZKT4 | Corrección: <https://sarría.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 9



Concello de Sarria

1º.- 6 peóns Medio Ambiente.

- As funcións obxecto do contrato serán as propias dos peóns de medio ambiente, para a realización de traballos de limpeza, mantemento e conservación, con especial dedicación aos leitos e marxes dos ríos Sarria e Celeiro.

- As retribucións mensuais íntegras serán de 1144,10 euros/mes, rateo de pagas extraordinarias incluído.

2º.- 1 peón tractorista.

- As funcións obxecto do contrato serán as propias de peón de tractorista, para a realización de traballos de roza de espazos e camiños públicos, zonas verdes públicas, así como as marxes dos ríos Sarria e Celeiro.

-As retribucións mensuais íntegras serán de 1133,50 euros/mes rateo de pagas extraordinarias incluído.

As condicións de contratación rexeranse polas seguintes cláusulas contractuais básicas: modalidade de contratación temporal eventual por circunstancias de produción e por acumulación de tarefas (art. 15.1 b do Estatuto Básico dos Traballadores, xornada a tempo completo de 40 horas semanais en horario de mañá, de luns a venres, e duración por un período de 3 meses. por circunstancias de produción e por acumulación.

Base segunda – Requisitos dos aspirantes

Os requirimentos exixidos terán, en todo caso, carácter excluínte. Os candidatos serán excluídos do proceso de selección ou da contratación no momento de acreditarse a ausencia de algún dos requirimentos, sen prexuízo das responsabilidades que podan deducirse por infracción legal.

1.- Xerais: Cumprir os requisitos de nacionalidade, idade e capacidade

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 53WHKQTXGF6FPX9K6E4C9LZKT4 | Corrección: <https://sarria.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 9



Concello de Sarria

funcional previstos nos artigos 56 e ss. do Estatuto Básico do Empregado Público:

a) Nacionalidade: ter a nacionalidade de algún dos Estados membros da Unión europea ou ser nacional de algún Estado ao que, en virtude da aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados polo Estado español, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

b) Idade: ter cumpridos dezaseis anos de idade e no exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional de outro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado o acceso ao emprego público.

2.- Específicos:

a) Permiso de conducir clase B.

Base terceira.- Probas de selección e criterios de valoración

1.-Proba práctica: Ata un máximo de 10 puntos. Realizarase unha proba práctica sobre o contido do posto de traballo, para poder valorar os coñecementos dos aspirantes sobre as funcións a desenvolver no posto de traballo: Manexo de ferramentas e maquinaria necesarias para o desenvolvemento dos traballos limpeza de zonas verdes, desbroce e roce de cunetas e maleza en zonas públicas, limpeza e conservación de leitos e

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 53WHKQTXGF6PX9K6E4C9LZKT4 | Corrección: <https://sarría.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 9



Concello de Sarria

marxes dos ríos, etc.

- Valorarase cun máximo de 3,50 puntos os coñecementos demostrados.
- Valorarase cun máximo de 3,50 puntos a destreza, disposición e xeito no emprego e manexo da maquinaria, útiles ou ferramentas a empregar na proba.
- Valorarase cun máximo de 3,00 puntos o tempo invertido na realización da proba proposta.

A proba ten carácter obrigatorio e eliminatorio, valorándose de 0 a 10 puntos debendo obterse como mínimo 5 puntos para poder ser declarado apto.

2.- Exercicio de idioma galego.

De carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun texto proposto polo Tribunal seleccionador inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de dicionario.

*Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 1 ou superior.

O órgano de selección poderá desenvolver e especificar os criterios de valoración e cualificación dos exercicios, debendo facelos públicos con antelación á celebración dos mesmos para coñecemento dos aspirantes.

Base cuarta.- órgano de selección:

O tribunal cualificador estará formado por un presidente, tres vocais e un secretario, cos seus correspondentes suplentes. A composición do tribunal así como a data de celebración das probas será exposto no Decreto de aprobación da lista definitiva de aspirantes.

Base quinta.- Documentación a presentar

- Impreso oficial de solicitude (que se facilitará nas oficinas Concello e na páxina web)

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 53WHKQTXGF6PX9K6E4C9LZKT4 | Corrección: <https://sarria.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 9



Concello de Sarria

- DNI/NIF ou pasaporte en caso de outras nacionalidades
- Permiso de conducir clase B
- Declaración responsábel de cumprimento das condicións de habilitación e capacidade funcional esixidas.

Toda esta documentación deberá achegarse polos interesados en copia do orixinal.

Base sexta.- Lugar de presentación de solicitudes, prazo e data das probas e da selección

Todas as fases de selección deste proceso publicaranse na sede electrónica deste concello:

A documentación deberá presentarse como máximo ata as 14 horas do quinto día hábil a contar desde a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e na paxina WEB do Concello de Sarria, no Rexistro Xeral de Entrada de documentos do Concello, publicándose ao día seguinte resolución coa lista de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios e/ou web municipal a efectos de reclamación no prazo de 2 días hábiles.

A proba ou probas de selección de persoal realizarase o **terceiro día hábil** seguinte ao de publicación da listaxe de admitidos e excluídos ás 9,30 horas no Salón de Plenos da Casa do Concello de Sarria.

Base sétima.- Réxime de incompatibilidades

Os/as aspirantes seleccionados/as, unha vez asinado o contrato correspondente, quedarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades nos termos establecidos pola Lei 53/1984, de 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas e máis lexislación de aplicación.

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 53WHKQTXGF6PX9K6E4C9LZKT4 | Corrección: <https://sarria.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 9



Concello de Sarria

Base oitava.- Réxime de recursos

A convocatoria, as bases e cantos actos administrativos se deriven de aquelas e da actuación do Órgano de Selección poderán ser impugnados en vía administrativa e xurisdiccional nos prazos e formas previstos na lexislación vixente.

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 53WHKQTXGF6PX9K6E4C9LZKT4 | Corrección: <https://sarria.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 9



Concello de Sarria

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D/a.....provisto/
a de D.N.I. nº..... con enderezo na
R/.....nº..... piso.....
C.Postal.....Localidade.....
Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Sarria para a contratación de seis peóns e un tractorista.

PEÓN.

TRACTORISTA..

DECLARO:

- 1º.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- 2º.- Solicito ser admitido/a ó referido procedemento de selección, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

Sarria, de de 2020

Asdo:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SARRIA:

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916





Concello de Sarria

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/a provisto/a de D.N.I.
nº, con enderezo na
R/ núm. piso.....
C.P. Localidade, Municipio.....
Provincia..... Teléfono.....

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público.

Sarria, de de 2020

Asdo:

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 53WHKQTXGF6PX9K6E4C9LZKT4 | Corrección: <https://sarria.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 9



Concello de Sarria

Asi o mandou e asina o Sr. Alcalde, de que certifico.

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE A MARXE)

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 53WHKQTXGF6PX9K6E4C9LZKT4 | Corrección: <https://sarria.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 9